

Documento xustificante do sistema Notifica.gal

Operación realizada	
Operación	Aceptada polo usuario
Data operación	14/09/2018 10:27:54
Destinatario da notificación	
Identificador Notifica.gal	21608
Nome/Razón social	CONCELLO DE BUEU
Apelidos	
NIF	P3600400J
Entidade emisora	
Identificador Notifica.gal	2105
Nome	XT da Consellería de Cultura, Ed. e Ord. Uni. Pontevedra
Procedemento notificado	
Identificador Notifica.gal	10920
Nome	PR004A Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado.
Información sobre a notificación	
Identificador Notifica.gal	465917
Número expediente	1329/18
Asunto	NOTIFICACION
Corpo da notificación (codificado en base64)	UkVTT0xVQ0IPTg==
Adxuntos (un hash por liña)	9ae3cd02d56e6754bcdeb48986ccd3c1594d1eb9
Data posta disposición	13/09/2018 10:38:24
Data rexistro de saída	13/09/2018 10:38:22
Número rexistro de saída	S 514180 / RX 1322725
Receptor da notificación	
Identificador Notifica.gal	21608
Nome/Razón social	CONCELLO DE BUEU
Apelidos	
NIF	P3600400J
Tipo de acceso	Certificado
Tipo de certificado	FNMT Certificado de Representación de Persona Juridica






XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria

María Victoria Moreno, 43 – 6º  
36003 Pontevedra  
Tif. 986 805 543 – fax 986 805 548  
coordinacion.cultura.pontevedra@xunta.gal  
http://cultura.xunta.gal



Concello de Bueu  
Rúa Eduardo Vicente, 8  
36930 Bueu

ILMO. CONCELLO DE BUEU	
REGISTRO XERAL	
Dat: 14 SET. 2018	
Entrada	Saída
Num	5555

Exp.: 1329/18  
Promotor: Concello de Bueu  
Asunto: Modificado de rehabilitación do Estaleiro da Banda do Río ou de Purro  
Situación: Bueu

## ANTECEDENTES

1. O Concello de Bueu promove o expediente de modificado de rehabilitación do Estaleiro da Banda do Río ou de Purro, no concello de Bueu.
2. Trátase dunha actuación no Estaleiro da Banda do Río ou de Purro, ben incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural co nº 39237 por Resolución do 27.07.2011 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e por tanto, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, forman parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. En consecuencia, de acordo co art. 39 da devandita lei, precisa da previa autorización da Consellería de Cultura.
3. Con data 07 de agosto de 2018 emítese informe do Servizo de Arquitectura e Etnografía da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais:  
*"O Estaleiro da Banda do Río en Bueu é un ben que forma parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. No ano 2011, pola Resolución de 27/07/2011 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, foi incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural co nº 39237. Os bens inventariados pasaron a ter a consideración de bens catalogados ao abeiro da Disposición adicional 2ª da Lei 2/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia. O xefe do servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial de Pontevedra, por delegación da directora xeral do Patrimonio Cultural, autorizou a rehabilitación do estaleiro de Purro por Resolución de data 27 de decembro de 2013. Dita autorización concedeuse en base ao estudo e informes realizados polos servizos técnicos e a Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra sobre o documento: ANTEPROXECTO GAÑADOR DO CONCURSO DE IDEAS PARA A CONSERVACIÓN E UTILIZACIÓN DE ESTALEIRO DA BANDA DO RÍO. Con data 29.12.2016 o Concello de Bueu solicita aclaración acerca da pervivencia da autorización outorgada polo Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O día 23.01.2017 o xefe do servizo de Patrimonio Cultural comunicalle, entre outras cuestións, o seguinte:  
*"As resolucións foron adoptadas por esta Consellería no exercicio da súa competencia en materia patrimonial conforme a hoxe derogada lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia. As resolucións adoptáronse, respecto do solicitado, cos parámetros físicos, proxectísticos e urbanísticos reitores dos elementos substantivos merecedores da protección patrimonial que neles concorren e se recollen. Estas conservan a súa plena vixencia e executividade conforme o establecido nos artigos 38 e 39 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, respecto do solicitado, proposto e resolto... Calquera variación sobre o resolto por esta Consellería requirirá a solicitude da correspondente autorización da mesma nos termos sinalados para elo pola nova Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia"*  
O día 17 de outubro de 2014 a Xefatura territorial de Pontevedra volve a confirmar a vixencia das autorizacións dadas en resposta a unha nova solicitude presentada polo Concello de Bueu en relación co proxecto básico para conservación e utilización do Estaleiro da banda do Río.  
O 5 de abril de 2017, neste caso en relación co documento refundido do de restauración do Estaleiro da banda do Río / proxecto refundido Fase I, o xefe de servizo de Patrimonio Cultural volve a comunicar ao Concello de Bueu que "o documento técnico presentado xa fora autorizado no seu día polo que non procede ningún novo pronunciamento en materia de patrimonio cultural, agás que se introduzan modificacións substanciais respecto do documento xa autorizado".*





*O documento ao que se refire o presente informe é un proxecto modificado do proxecto de execución contratado polo concello que atende a descrición, medición e valoración das modificacións que é necesario realizar para axustar as obras á realidade xeométrica e ao estado real de conservación no que se atopa o inmovible. Situación e coñecemento pormenorizado que non se tivo ata que, unha vez adjudicadas e iniciadas as obras, se realizaron os traballos de desmontaxe, comprobación e análise pormenorizada das estruturas, sistemas construtivos e materiais presentes no inmovible.*

*O día 2 de agosto de 2018 o Concello de Bueu reitera a súa solicitude de autorización do proxecto modificado, indicando que precisa adjudicar canto antes a segunda fase do mesmo a cal debería estar xustificada antes do 31 de outubro de 2018. De non dar cumprido estes prazos podería perder a subvención do GALP e polo tanto existe o perigo de que a colección museística non se puidese restaurar tal e como está previsto.*

#### **Consideracións legais**

*O estaleiro da Banda do Río, ou estaleiro de Purro, no concello de Bueu é un ben integrante do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e está suxeito ao réxime de protección que para os bens catalogados establecen os artigos 39 a 44 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.*

*Sonlle tamén de aplicación as seguintes normas e leis:*

- *Planeamento urbanístico vixente no concello de Bueu.*
- *Lei 16/1985, do patrimonio histórico español*

*Ao abeiro do disposto no artigo 39 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretenden realizar nos bens catalogados terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, independentemente de calquera outra autorización licenza ou trámite previo á súa execución.*

#### **Consideracións técnicas**

*As principais modificacións recollidas no proxecto son:*

- 1. Elimínase a unidade da obra referida á demolición de muros con compresor.*
- 2. No capítulo de cimentacións de formigón realízanse axustes de medición que supoñen unha diminución respecto ao proxecto orixinal.*
- 3. No capítulo de saneamento horizontal recóllense lixeiros axustes de medición.*
- 4. Redúcense as medicións de formigón armado en estruturas e de kgs de aceiro.*
- 5. Nas estruturas de madeira as modificacións derivan da substitución da madeira de eucalipto prevista por madeiras laminadas de piñeiro vermello, castiñeiro en trabes e esteos.*
- 6. No capítulo de albanería inclúese a execución dunha rampla de acceso pola porta principal, que permite salvar as diferenzas de cota existentes cunha solución accesible.*
- 7. Na solución da cuberta elimínase o enlisonado por non ser necesario.*
- 8. No capítulo de carpintería de madeira reaxústanse as medicións de valla de madeira e de pavimento de tablóns ás medicións do replanteo real.*
- 9. Nos vidros modifícase o espesor do vidro “stadip” e a medición prevista.*
- 10. Realízanse pequenos axustes nas instalacións de electricidade e fontanería.*

*O documento inclúe tamén os seguintes documentos:*

*- Valoración do estado de conservación dos elementos estruturais de madeira, redactado pola empresa Renovatio, Conservación do patrimonio artístico. Este documento describe as patoloxías presentes nas distintas pezas que configuran a estrutura de madeira do edificio. Os danos son consecuencia da acción dos axentes meteorolóxicos e xilófagos, o biodeterioro e o envellecemento normal dunha madeira sen protección colocada nunha situación moi exposta. Así mesmo describíense patoloxías de orden estrutural que fan inviables as pezas: roturas e corrosión das unións realizadas con puntas.*

*- Valoración do estado de conservación dos pilares, redactado pola empresa Renovatio, Conservación do patrimonio artístico. Este estudo específico refírese ao estado de conservación dos pilares do estaleiro e a valoración e conveniencia da súa reutilización. A conclusión deste detallado estudo desaconsella a reutilización dos pilares por non resultar viable o tratamento por conxelación, ao non existir unha cámara coas dimensións necesarias e non considerarse seguros e suficientemente efectivos outros métodos. Existe un grande volume de perda de materia polo ataque de xilófagos e os efectos da podrencia. É imprescindible sanealos e en ningún caso a súa consistencia e características mecánicas poderían considerarse axeitadas. A aplicación de resinas sintéticas considérase un método non seguro nin axeitado para o comportamento estrutural. O estado dos esteos non ofrece garantía de bo funcionamento estrutural, tendo en contra que consitúen elementos principais construtivos.*

*- Valoración do estado de conservación das cerchas do estaleiro de Purro, redactado pola empresa Renovatio, Conservación do patrimonio artístico. O documento estuda de forma pormenorizada e singularizada as cerchas do estaleiro. Analizada a súa situación real e as distintas patoloxías presentes, propón unha serie de accións correctoras:*

- *Limpeza da madeira con xabón biocida e fungicida.*





- *Consolidación das zonas brandas causadas pola podremia.*
- *Tratamento desinsectante. Inclúese o tratamento mediante conxelación e un tratamento antixilófago de carácter curativo.*
- *Selado de fendas, aplicando mestura de resina epoxi e serrín.*
- *Eliminación de cravos e puntas non estruturais.*
- *Eliminación de apoios de correas alleos ás cerchas.*
- *Valoración do estado de conservación das taboazóns, redactado pola empresa Renovatio, Conservación do patrimonio artístico. As taboazóns no estaleiro resolven os paramento verticais. Inclúe un estudo pormenorizado dos materiais e os sistemas construtivos e conclúe cunha serie de tratamentos, como: limpeza e tratamento biocida, desinsección, consolidación, selado de fendas, reconstrución volumétrica, eliminación de puntas e reposición de acabados.*

*En xeral, os criterios a aplicar no tratamento das estruturas e materiais de madeira son os seguintes:*

- *Accións correctoras: limpeza e tratamento biocida, desinsección, consolidación, selado de fendas, reconstrución volumétrica e eliminación de cravos, puntas e materiais non necesarios.*
- *Próteses: No caso de que os elementos presenten partes en mal estado, realizaranse próteses, sempre que non supoñan un risco estrutural.*
- *Substitución de elementos: No caso de que por razóns estruturais de seguridade ou por resultar inviable a utilización da peza orixinal sexa necesaria a súa substitución, as novas pezas gardarán harmonía co conxunto da construción, empregando as mesmas madeiras, técnicas e acabado. Gardarase a estética da madeira pouco manufacturada.*

*Os cambios propostos responden, polo tanto, á necesidade de axustar os elementos estruturais de madeira e os seus tratamentos á realidade física, dimensional e do estado de conservación comprobado e estudado con detalle unha vez iniciadas as obras.*

*Tamén recolle pequenos cambios e axustes formais que perseguen adaptar a obra ás necesidades de salvagarda de elementos singulares como a serra de cinta ou o axuste real das cotas dos pavimentos e as necesidades de accesibilidade.*

*Propóñense tamén cambios nas madeiras novas a empregar, buscando unha maior aproximación ás madeiras orixinais e tradicionais presentes.*

*Non se alteran as solucións arquitectónicas, nin construtivas, nin museográficas recollidas no anteproxecto, polo que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorizou as obras por Resolución do 27/12/2013.*

#### **Conclusión:**

*Estimo que o proxecto modificado de referencia é coherente coa solución e proposta de intervención autorizada no seu día pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*

*Os cambios introducidos, xustificados e coherentes cos valores culturais existentes non presentan problemas conceptuais que impidan a súa autorización. Estes cambios non supoñen alteracións ou variacións substanciais que afecten aos valores culturais protexidos.*

*Por todo isto, informo favorablemente o proxecto modificado de rehabilitación do estaleiro da Banda do Río (Bueu) e estimo que non existe ningún inconveniente no eido da salvagarda do patrimonio cultural para a súa autorización.*

*Coido que a dita autorización deberíase condicionar á seguinte cautela: Tras finalizar a intervención, elaborárase unha memoria final que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en cada unha das fases e para todas as disciplinas aplicadas, de acordo co artigo 43.2 da lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia."*

4. O Consello Territorial de Patrimonio Cultural de Pontevedra, na súa sesión do 12 de setembro de 2018, emite ditame no que considera que se pode informar favorablemente o proxecto modificado de rehabilitación do estaleiro da Banda do Río (Bueu) coa seguinte condición:

- *Tras finalizar a intervención, elaborárase unha memoria final que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en cada unha das fases e para todas as disciplinas aplicadas, de acordo co artigo 43.2 da lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.*

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

- 1 É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o recollido nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.





**XUNTA DE GALICIA**

**DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE PONTEVEDRA**

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria

María Victoria Moreno, 43 – 6º  
36003 Pontevedra  
Tlf. 986 805 543 – fax 986 805 548  
coordinacion.cultura.pontevedra@xunta.gal  
<http://cultura.xunta.gal>

**galicia**

- Decreto 199/1997, do 10 de xullo polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 13 do 18 de xaneiro).
- As demais normas de aplicación, en concreto a lexislación vixente do solo de Galicia (Lei 2/2016, do 10 de febreiro) en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.

2 Resolución do 19 de marzo de 2018 pola que se delega na persoa titular da Xefatura do Servizo de Coordinación da Área Cultural de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o exercicio de determinadas competencias (DOG nº 59 do 23 de marzo).

De acordo con todo o sinalado, no exercicio da competencia que me atribúe o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e conforme ao disposto na resolución do 19 de marzo de 2018 pola que se delega na persoa titular da Xefatura do Servizo de Coordinación da Área Cultural de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o exercicio de determinadas competencias, e á vista do informado polos servizos técnicos, de acordo co ditame do Consello Territorial de Patrimonio Cultural de Pontevedra,

#### RESOLVO

Autorizar o proxecto modificado de rehabilitación do estaleiro da Banda do Río (Bueu) coa seguinte condición:

- Tras finalizar a intervención, elaborárase unha memoria final que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en cada unha das fases e para todas as disciplinas aplicadas, de acordo co artigo 43.2 da lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.

Esta autorización non exige das autorizacións sectoriais oportunas e do cumprimento da normativa urbanística vixente.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa recepción, de acordo cos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Mediante este documento notificase ao Concello de Bueu esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Patrimonio Cultural

p.d.: Resolución do 19-03-2018

A xefa do Servizo de Coordinación da Área Cultural

Mª José Echevarría Moreno

